



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,  
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Dirección Xeral de Obras Públicas

20 OCT. 1994

1224

ORDE CIRCULAR 2/1994.

ASUNTO: REORDENACIÓN DOS ACCESOS DAS ESTACIONES DE SERVICIO E ESTACIONES SUBMINISTRADORAS DE GASOLINAS E GASÓLEOS DE AUTOMOCIÓN.

- .- A rede de estradas en Galicia presenta a máis alta densidade Km/Km<sup>2</sup> do Estado Español. O motivo atopase na dispersión poboacional característica da nosa Comunidade e na necesidade de dotar de accesibilidade a tódolos núcleos de poboación. Como resultado prodúcese unha elevación nos índices de sinistrabilidade.
- .- De cara a acadar uns mellores índices na seguridade vial nas estradas competencia da Comunidade Autónoma, obxectivo prioritario do Plan de Estradas, é necesaria unha especial vixilancia no cumprimento da normativa vixente.
- .- Normativa hoxe actualizada coa publicación do Regulamento Xeral de Estradas.  
Aínda que o Real Decreto 1812/1994 do 2 de setembro (B.O.E. nº 228) polo que se que aproba o Regulamento Xeral de Estradas, é de aplicación nas estradas de competencia estatal, é tamén evidente a súa misión tanto cubrindo aquelas posibles lagoas existentes na lexislación nesta materia, así coma tamén actualizando a mesma.

No artigo 72.3 do devandito Regulamento se preceptúa que "... deberá suprimirse a posibilidade do xiro a esquerda para acceder a unha estación de servicio, por razóns de seguridade vial ou cando a IMD exceda os 5.000 vehículos".

Polo que, tendo coma referencia a exposición anterior, a partires desta data, os Servicios Provinciais de Estradas desa Delegación Provincial, procederan á retirada de todos aqueles sinais que, nas estacións de servicio ou estacións subministradoras de gasolinas e gasóleos, sinalicen a posibilidade de acceso as devanditas instalacións mediante o xiro dende o carril da dirección contraria en todas aquelas estradas, competencia da Comunidade Autónoma, que presenten unha IMD > 5.000 vehículos.

Se penalizara coma infracción grave aquelas estacións subministradoras que, unha vez retirados os sinais volvan a colocalos ou que, de calquera xeito, faciliten o acceso prohibido.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,  
OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Dirección Xeral de Obras Públicas

A substitución do sinal retirado e a colocación dun novo coa indicación de " Entrada Prohibida" (R-101, B-201) correrá a cargo das estacións subministradoras baixo apercibimento de peche temporal.

O prazo para a substitución non excederá de DOUS (2) MESES dende a data desta Orde Circular.

Dunha maneira semellante, e logo de que no artigo 101 do mesmo R.D. se defina o termino acceso, no artigo 106.1 especificase que "...poderá, ..., modificar ou suspender temporal ou definitivamente a autorización de acceso (ás estacións subministradoras): a) Se resultase incompatible con normas aprobadas con posterioridade; b)....; c) Cando se alterasen os presupostos determinantes do seu outorgamento; d) Polo incumprimento das cláusulas da autorización ou modificación de uso e características do acceso, previo requirimento ó titular para que regularice a súa situación.; ...

Seguindo coa idea da mellora da seguridade vial e desde esta data os Servicios Provinciais de Estradas remitiran á Subdirección Xeral de Estradas, unha relación completa daquelas estacións de servizo ou estacións subministradoras de gasolinas e gasóleos que incumpran a normativa vixente en materia de accesos así coma aquelas que, na vixencia da súa autorización alterasen as cláusulas baixo as que, foron autorizadas ou ben as incumpriran.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 21 DE OUTUBRO DE 1994.

O DIRECTOR XERAL DE OBRAS PÚBLICAS

EMILIO GARCÍA GALLEGO

ILMO. SR. DELEGADO DA C.P.T.O.P.e V. DE A CORUÑA